

**PLAN DE CONVIVENCIA
IES FRANCISCO ASOREY
CURSO 2010/11**



SUMARIO

- 1) Introducción.
- 2) Constitución do observatorio de convivencia.

- 3) Diagnóstico.
- 4) Obxectivos
- 5) Medidas a aplicar para previr, detectar, mediar e resolver conflitos
 - 5.1. Medidas preventivas.
 - A) Actividades de integración, Participación e Acollida
 - B) Puntualidade, absentismo escolar e elaboración de Normas da clase
 - C) Relacións Familia-Centro
 - D) Actividades de Sensibilización Acoso-Maltrato
 - E) Actividades de Prevención e Sensibilización sobre a igualdade de xénero, a educación para a Paz, sexualidade, drogodependencia, VIH. Hábitos de vida saudables, consumo de tabaco, seguridade, etc.
 - F) Organización da vixilancia
 - 5.2. Medidas para a detección e resolución de conflitos.
 - A) Creación da aula de convivencia.
 - B) Normas de uso de aparatos e equipos electrónicos e inclusión no RRI.
 - C) Protocolo de actuación en caso de maltrato.
- 6) Estratexias e procedementos de difusión, seguemento, avaliación e revisión do plan de convivencia.

Anexo 1: Acollida de alumnos.

Anexo 2: Elección de delegados.

Anexo 3: Sociograma.

Anexo 4: Normas de clase.

Anexo 5: Protocolo de actuación no caso de maltrato ou acoso escolar.

Anexo 6: Aula de convivencia.

1. INTRODUCCIÓN.

Plan de Convivencia e Regulamento de Réxime Interno.

O Regulamento de Réxime Interno é unha norma de carácter superior e de maior proxección temporal que este Plan. Este documento, asumindo a orientación xeral do Regulamento, pretende concretar as normas e

procedementos para cada curso, sen prexuízo de que moitas delas poidan permanecer máis anos.

Respecto da súa utilidade os dous documentos son plenamente aplicables e deben ser compatibles, prevalecendo o Regulamento de Réxime Interno en caso de incompatibilidade ou incoherencia entre ambos.

Acudirase ao Plan de Convivencia como referencia inmediata nos asuntos ordinarios da convivencia, sobre todo cunha orientación preventiva e de corrección inmediata, sin prexuízo de que, sobre todo en actuacións de **corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**, se aplique directamente o previsto no RRI.

En todo caso, esgotadas as posibilidades de organizar a convivencia, previstas neste Plan, habería que acudir ás que establecen as normas superiores: o RRI e o Decreto 115/2005 polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos Centros.

Asimesmo pódense consultar: Orden 20 de febreiro 2006 (BORM) y Orden 4 de abril de 2006 sobre acoso escolar (BORM).

Elaboración, aprobación e envío á Administración Educativa.

- Asesoramento do Departamento de Orientación.
- Reunión do Observatorio de Convivencia Escolar do centro ao que se lle entregará unha proposta elaborada polo Equipo directivo. Presentación de modificacións nos días seguintes preferentemente por correo electrónico.
- Reunión do Observatorio de Convivencia Escolar do centro para aprobar o proxecto do Plan.
- Remisión do proxecto do Plan aos profesores, ANPA e Xunta de Delegados. Presentación de modificacións nos días seguintes preferentemente por correo electrónico.
- Claustro para debatir o proxecto do Plan.
- Consello Escolar que debe aprobar o Plan, coas modificacións introducidas.
- Remisión do Plan, dentro do PE, á Admon. educativa.

2. O OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA ESCOLAR NO CENTRO.

Composición

O director do centro: José Rivera Rodríguez.
O xefe ou xefa de estudos: M^a Luisa Bruquetas Lúgaro
4 representantes do profesorado: Lidia Soutullo Garrido, Santiago Rey Gorís Aurora Souto Marcos e Francisco Javier García-Gesto García.
A orientadora do centro: Xoan Ugarte Otero
1 Representante do alumnado: Iago Paz Trigo
1 Representante das familias: Gema Pérez Santos
1 Representante do persoal non docente: Juan López Míguez
Profesionais do concello (Educación, Sanidade, Servizos Sociais...) implicados na mellora da convivencia: Eulogio Pomares Botana
Titores/as relacionados co tema a tratar en cada sesión.

Funcións

- Dinamizar o plan de convivencia do centro.
- Informar trimestralmente ao Consello Escolar.
- Elaborar un informe anual de análise da convivencia.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.

Periodicidade das reunións.

- 1º Trimestre: Diagnóstico e proposta de contidos.
- 2ª Trimestre: Seguimento do Plan
- 3º Trimestre: Valoración do cumprimento do Plan.

3.-DIAGNÓSTICO

A recollida de información sobre a convivencia no centro débese facer ao finalizar cada curso escolar para ofrecer un diagnóstico que permita o establecemento de medidas de mellora cara o curso seguinte

Situación da convivencia no centro

Feita a detección de necesidades, a partires das enquisas realizadas a todos os membros da comunidade educativa e dos documentos do centro (partes de

expulsións, expedientes disciplinarios, etc.) extráense as seguintes conclusións:

- Polo xeral o clima do Centro é positivo e o sistema de relacións, tanto dentro dos diferentes sectores da Comunidade educativa, como entre eles é correcto e respectuoso.
- O tipo de conducta problemática máis frecuente é a que corresponde xeralmente aos alumnos das tres primeiros niveis da ESO, ten que ver con incumprimentos de deberes ou faltas de carácter leve. Estes comportamentos enméndanse fundamentalmente co diálogo e coa aplicación das correccións que o R.R.I contempla para estes casos.
- Detéctanse casos de alumnos con comportamentos disruptivos na aula, que impiden que a clase se desenvolva con normalidade, interrompendo ao profesor, incluso faltándolle ao respecto. Son alumnos, por outra parte, que en xeral non amosan interese algún polas materias impartidas, en moitas ocasións non traían o material necesario a clase, repetiron curso algunha vez ao longo da súa escolaridade, presentaban trastornos de aprendizaxe e acumulan un significativo atraso escolar. A idade destes alumnos adoita estar entre os 14 e 16 anos, e, polo xeral, esperan acadar a idade que lles permita abandonar o ensino obrigatorio.
- Así mesmo obsérvanse conductas irrespectuosas co coidado do material e dos espazos do centro que temos que corrixir.
- Obsérvanse, cada vez con máis frecuencia, conductas irrespetuosas relacionadas co mal uso de teléfonos móbiles e outros aparatos electrónicos que trasgreden o dereito á intimidade dos individuos e constituen unha ofensa grave para á súa dignidade e que consisten basicamente en grabacións de sons e imaxes fixas ou en movemento das persoas sen o seu consentemento ou do desenvolvemento das clases ou outras actividades sen a autorización correspondente.
- Os profesores manifestan maioritariamente que o comportamento dos nosos alumnos é, habitualmente, bo e respectuoso. As condutas máis reprobadas polo profesorado son as que teñen que ver cos alumnos que teñen pouco interese polas súas clases, que non traballan, que non traen o material necesario, que non prestan atención ou /e distraen aos seus compañeiros, interrompendo a marcha normal da clase. Dan unha importancia especial ao comportamentos que supoñen falta de respecto ao profesor, cando esta se acompaña dun enfrontamento público e pode implicar menoscabo da autoridade do profesor diante do resto dos compañeiros.
- Ás familias preocúpanlles principalmente aquelas actitudes dos alumnos que interfiran no proceso de ensino - aprendizaxe dos seus fillos, que impidan que as clases se desenvolvan nas mellores condicións e non poidan aproveitarse debidamente.

- Os alumnos conceden importancia principal a que se **respecten as súas pertenzas e a que o comportamento dos compañeiros non dificulte que as clases poidan impartirse con normalidade.**

4.- OBXECTIVOS

De carácter xeral

- I. Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento deste plan de convivencia para mellorar as relacións e conductas dos alumnos.
- II. Facilitar a **prevención, detección, seguimento e tratamento** dos distintos conflitos que se presenten no centro, prestando especial atención os relacionados co **acoso-maltrato, violencia de xénero, xenofobia ou racismo.**
- III. Promover e velar pola **resolución pacífica dos conflitos** que se poidan crear no centro, como un medio positivo e constructivo en favor da prevención ante distintas situacións de violencia que se poidan xerar.
- IV. Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só cando as estratexias motivadoras e educativas non dean o resultado esperado.
- V. Inculcar o respecto polas normas de convivencia do centro e que estas sexan asumidas como propias por todos os integrantes da comunidade educativa.

De carácter específico

De adordo co diagnóstico sobre a convivencia no centro podemos establecer como obxectivos prioritarios a acadar a curto prazo (durante o que resta de curso e durante o curso que próximo) os seguintes:

- I. Eliminar ou reducir ao máximo posible os episodios de disrupción nas aulas artellando mecanismos de prevención e mediación.
- II. Eliminar ou reducir ao máximo posible as condutas que atenten contra o dereito a intimidade dos membros da comunidade educativa ou á súa dignidade.
- III. Eliminar ou reducir ao máximo posible as condutas que supoñan substracción ou dano grave intencionado nos bens ou propiedades de calquera membro da Comunidade Educativa.

IV. Promover un bo uso do edificio, instalacións, mobiliario e material escolar.

V. Inculcar como práctica elemental dunha convivencia doada as boas costumbres no que se refire a hixiene persoal e a de todas as dependencias do centro.

5.- MEDIDAS A APLICAR PARA PREVIR, DETECTAR E RESOLVER CONFLICTOS.

5.1. MEDIDAS PREVENTIVAS.

A. Actividades de integración, Participación e Acollida (PAT)

Realizaranse cada ano nos primeiros dous meses do curso e algunhas actividades, como a xornada de portas abertas, ao remate do curso conforme aos documentos nos que están desenvolvidas.

PLAN DE ACOLLIDA DE ALUMNOS: Alumnos procedentes de 3º ciclo de primaria (xornada de portas abertas), alumnos de nova matriculación e alumnos procedentes do estranxeiro. (Anexo I)

ELECCIÓN DE DELEGADOS: Preparación e desenvolvemento. (Anexo II) (PAT)

Establecer un clima de clase apropiado desde o comezo de curso: Entrega ao profesorado dun protocolo de actuación de carácter orientativo para un desenvolvemento satisfactorio do tempo de clase.

REALIZACIÓN DE SOCIOGRAMAS (Anexo III)

Os sociogramas permítenos percibir a atmósfera que se respira nun determinado grupo que facilita a toma de decisións á hora de abordar as posibles situacións perturbadoras da convivencia escolar.

Basicamente, os sociogramas consisten en preguntarlles a todos os membros dun determinado grupo (por exemplo, unha clase) acerca do resto para coñecer, así, o status medio de cada alumno ou alumna, o seu nivel de popularidade, as súas oportunidades para o establecemento de relacións de amizade e os atributos polos que máis destaca.

Normas de aplicación

Antes aplicar un sociograma convén:

- Crear un clima positivo favorecedor da sinceridade nas respostas, sobre todo entre preadolescentes e adolescentes, que poden tender á suspicacia.

- Deixar claro o carácter confidencial da proba, que só se utilizará para a composición de grupos ao longo do curso.
- Comprobar que foron entendidas as instrucións de realización.
- Impedir que os rapaces e rapazas se comuniquen entre si, porque os resultados poderían verse afectados.
- Deixar tempo para a súa realización.
- Indicar que cada estudante deberá sinalar nas preguntas dos cuestionarios un máximo de tres compañeiros ou compañeiras, tendo en conta tamén as persoas ausentes ese día.

B. **Puntualidade, absentismo escolar e elaboración de Normas da clase (Anexo IV)**

Control riguroso da puntualidade e absentismo escolar, informando puntualmente ao xefe de estudos seguindo as pautas establecidas no RRI.

Durante o mes de Setembro débense elaborar na aula as normas da clase. Trátase da elaboración dunhas normas de convivencia para cada grupo na que participan o titor e os alumnos. É tan interesante o proceso de reflexión e de asunción de compromisos persoais como o resultado, e pode ter vantaxes como as seguintes:

- Elaborar as normas de convivencia para a clase contando co alumnado, fai que este amose unha maior implicación no seu cumprimento e mantemento.
- Asímenas con maior facilidade e presentan unha actitude máis responsable ante elas.
- Os procesos de seguemento das normas consensuadas supoñen un instrumento moi útil para a autoavaliación de condutas por parte do alumnado e para a resolución dos conflitos internos do grupo
- Facilita a interiorización de actitudes de responsabilidade e colaboración entre o alumnado.

C. **Relacións Familia-Centro (PAT)**

- Reunión de pais por niveis no mes de Outubro. Presentación do titor/a, do Equipo Directivo e orientador/a ás familias.
- Proporcionar información básica sobre o funcionamento das clases e do equipo docente: horarios, recepción de pais, calendario escolar, puntualidade e absentismo escolar...
- Recollida de información básica do alumnado.
- Entrevistas.
- Información das Normas de Convivencia

- Difundir o Plan de Convivencia.

D. Actividades de Sensibilización Acoso-Maltrato (Anexo V)

- Programas de habilidades sociais e resolución de conflitos como prevención ao maltrato.
- Formar alumnos/as mediadores para que poidan actuar en situacións de maltrato.
- Difundir o Plan de Convivencia.

E. Actividades de Prevención e Sensibilización sobre a igualdade de xénero, a educación para a Paz, sexualidade, drogodependencia, VIH. Hábitos de vida saudables, consumo de tabaco, seguridade vial, etc.

Realízanse ao longo de todo o curso de acordo co Plan de orientación e Acción Titorial

Sobre todos estes temas, pola súa importancia e pola súa transversalidade, levaranse a cabo actividades de prevención e sensibilización que competen e comprometen a todos os membros da comunidade educativa. dende o departamento de orientación, a través da titoría e coa colaboración da Xefatura de Estudos organizaranse talleres, charlas, proxección de películas etc, que se programan no Plan de Orientación e Acción Titorial:

- Talleres de habilidades sociais: habilidades cognitivas, dilemas morais e toma de decisións.
- Taller prevención de drogas:
 - Programa “ Clases sen Fume” ,
 - Taller sobre alcol e drogas, prevención drogodependencia en colaboración co SPAD de Vilagarcía
- Película sobre a educación para a a paz: “Quen é Quen”.
- Talleres de educación sexual:
 - Programa de educación sexual impartido pola asociación ANTIVIH de Vilagarcía.
 - Taller afectivo sexual: programa “Quérote” da consellería.
 - Reflexión na aula sobre a publicidade sexista.
- Actividades sobre violencia de xénero:
 - Conmemoración do Día Internacional contra a Violencia (25 de novembro)
 - Día da Muller (8 de marzo) con actividades diversas.
- Prevención lesións medulares en colaboración con “ AESLEME”.
- Taller de hixiene e saúde.

- Conferencias e charlas sobre educación vial a cargo da policía local de Cambados.
- Educación para o ocio: vídeoxogos e teleadicción:- elección de xogos -aprender a ver a tv,etc.
- Taller de prevención de anorexia e bulimia en colaboración cos servizos sociais do concello.
- Orientación académica: programa “Orienta 2009-10”
- Charlas orientativas, as optativas de 3º e 4º da eso, - P.D.C. Programas de Cualificación Profesional Inicial. -novos itinerarios na ESO, orientación no bacharelato, etc..
- Taller de orientación sobre os peligros e o bo uso de internet e as redes sociais posiblemente a cargo do especialista en delitos telemáticos da comandancia da Guarda civil de Pontevedra.

F. Organización da Vixilancia (Recollido no RRI)

- Vixiar a zona de distribución e os patios no horario de recreo.
- Vixiar a saída e entrada do do Centro.

5.2. Medidas para a detección e resolución de conflitos.

A desenvolver no que resta de curso e no curso que ven. Dirixidas principalmente á consecución dos obxectivos específicos deste Plan de Convivencia

A. Utilización de equipos e sistemas de información

- Normas sobre a privacidade da imaxen e a información persoal.
- Normas sobre a apropiación e uso da información privada en calquer formato (papel, electrónico, ..)
-

B. Creación da aula de convivencia. (Anexo VI)

C. Protocolo de actuación en caso de maltrato. (Anexo V)

6. Estratexias e procedementos para realizar a difusión, o seguemento, a avalación e a revisión do Plan de Convivencia.

A) Difusión.

- A difusión do Plan de Convivencia farase mediante a páxina web do Instituto, e enviandoo por correo electrónico ao claustro de profesores e

ao Consello Escolar. Unha copia do mesmo permanecerá na sala de profesores do centro.

B) Seguemento.

- O Observatorio de Convivencia Escolar do centro realizará o seguemento trimestral do Plan de Convivencia e coordinará as actuacións e medidas contidas no mesmo. Valorará os avances que se produzan e identificará as dificultades que xordan propondo ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia no centro.
- Todo elo incorporárase á memoria do Plan de Convivencia.

C) Avaliación

- O equipo directivo elaborará ao final de cada curso académico unha memoria que avalie o Plan de Convivencia. Darase a coñecer ao claustro de profesores, ANPA, e a Xunta de Delegados de alumnos, para que poidan realizar propostas de mellora. Esta memoria debe ser aprobada polo Consello Escolar e incorporárase á Memoria Final.

D) Revisión.

- A análise dos datos relativos ás condutas contrarias ás normas de convivencia e as gravemente perxudiciais ás normas de convivencia así como as correccións adoptadas realizarase ao rematar o curso escolar. Estes datos servirán, xunto coas enquisas pertinentes aos distintos sectores da comunidade educativa e as propostas de mellora recollidas na memoria final, para establecer o diagnóstico que sirva de base para a revisión do Plan de convivencia ao comezo do curso seguinte no que se adoptarán as medidas de planificación dos recursos, asesoramento, orientación, formación e intervención que correspondan.

ANEXOS

ANEXO I ACOLLIDA DE ALUMNOS

1. Alumnos de nova matriculación procedentes dos colexios adscritos ao centro: XORNADA DE PORTAS ABERTAS

- **OBXECTO:** Dar a coñecer o instituto a futuros alumnos.
- **ÁMBITO DE APLICACIÓN:** alumnado de nova matriculación procedente dos colexios adscritos ao centro: CEIP San Tomé, CEIP Vilariño e CEIP Castrelo.

- **MISIONS E RESPONSABLES**

- **EQUIPO DIRECTIVO:** Impartir a charla e dirixir a visita
- **DEP. DE ORIENT.:** Coordinación dos alumnos-monitores e das actividades.
- **ALUMNO-MONITOR:** Recepción e visita guiada. O seu perfil debe axustarse ao dunha persoa con dispoñibilidade e facilidade de comunicación.
- **CONSEXES:** Asistencia a profesores, alumnos e pais.

- **DESENVOLVEMENTO**

- Recibimento polos alumnos-monitor na entrada cun cartel que indique o nome do seu centro.
- Recibimento xeral no salón de actos polo equipo directivo e o dep . de orientación.
- Charla sobre a oferta educativa do centro mediante unha presentación.
 - Visita guiada polas dependencias do centro.
- Despedida a cargo da dirección e departamento de orientación.

- **RECURSOS MATERIAIS**

- Ordenador e canon.
- Presentación
- Guía do alumno
- Instalacións do centro.

2. Alumnos de nova matriculación

- **OBXECTO:** facilitar o coñecemento e a adaptación ao centro do alumno
- **ÁMBITO DE APLICACIÓN:** alumnado de nova matriculación
- **MISIONS E RESPONSABLES**
 - **EQUIPO DIRECTIVO:** recibir aos alumnos, impartir a charla.

- DEP. DE ORIENT.: Colaborar na elaboración da guía docente coa oferta educativa.
Preparar a carpeta do titor coa documentación correspondente

3. Plan de acollida de alumnos estranxeiros

- OBJECTO: facilitar o coñecemento e a adaptación ao centro do alumno
- ÁMBITO DE APLICACIÓN: alumnado estranxeiro.
- MISIONS E RESPONSABLES
 - EQUIPO DIRECTIVO: recibir aos alumnos.
- DEP. DE ORIENTACIÓN: avaliación inicial, adpción de medidas de carácter curricular ou organizativo que sexan precisas. Seguemento do alumno.
- PROFESORADO: acollida e seguemento do alumno
- DESENVOLVEMENTO

Formarase unha comisión de acollida formada por un membro do equipo directivo, un profesor /a e o orientador/a .

Acollida á familia:

- Información sobre o centro e o sistema educativo.
- Mostrar as dependencias do centro

Acollida ó alumnado individualmente

- Avaliación Inicial:

Cuestionario sobre datos persoais e familiares do alumno e probas de competencia curricular.

O departamento de orientación, en colaboración cós profesores de áreas instrumentais básicas (Lingua e matemáticas) avaliará a situación persoal e a competencia curricular de cada alumno, para detectar posibles circunstancias como desfase curricular, descoñecemento da nosa cultura, desarraigo, illamento social, problemas económicos e laborais dos seus país, etc.

Detectado algún destes factores aplicaranse as medidas curriculares e organizativas que sexan oportunas, segundo establece a Orde de 20 de Febreiro de 2004 e a de 21 de decembro de 2007, e que son as seguintes:

A . Medidas de tipo curricular

- Reforzo Educativo
- Adaptacións curriculares
- Flexibilización da idade

B. Medidas de tipo organizativo

- Grupos de adquisición de linguas
- Grupos de adaptación de competencia curricular

A valoración realizada polo departamento de orientación así como as decisións adoptadas en torno as medidas a aplicar faranse extensivas ao titor e a todo o profesorado do nivel ao que se incorpore o alumno.

Acollida ó alumnado dentro do grupo-clase:

- Adscripción do alumnado a un grupo de referencia
- Designación dun alumno- titor que o axude na integración no grupo-aula.
- Actividades de aula, actividades de acollida por parte dos compañeiros

Seguemento do alumnado:

- Avaliación quincenal
- Revisión das medidas adoptadas

ANEXO II: ELECCIÓN DE DELEGADOS

ELECCIÓN DE DELEGADO (1º ESO)

Nesta sesión imos eleixir Delegado ou Delegada de clase. Has de saber que a elección de Delegado/a é moi importante, xa que esa persoa vai representarte en multitude de ocasións, por iso non debes tomar á lixeira esta responsabilidade.

O primeiro que debemos aclarar son as funcións que debe cumprir a figura do Delegado ou Delegada de grupo. Reflexiona sobre as seguintes e outras que a tí se che ocorran e logo, en grupo, propoñeredes 6 funcións en que esteades de acordo.

¿SON FUNCIONES DO DELEGADO/A DE GRUPO ?

- ◆ ASISTIR ÁS REUNIÓN S DA XUNTA DE DELEGADOS
IR BUSCAR O XIZ
- ◆ EXPOÑER A SUXERENCIA DO GRUPO DO CAMBIO DUNHA DATA DE EXAME
- ◆ ANOTAR NO ENCERADO AS PERSOAS QUE FALAN CANDO NON ESTÁ O PROFESOR
- ◆ EXPOÑER O MALESTAR DO GRUPO ANTE O ELEVADO Nº DE SUSPENSOS NUNHA DETERMINADA ASIGNATURA

As funcións que pensamos que **debe ter** o Delegado ou Delegada de grupo son :

ELECCIÓN DE DELEGADO (2º ESO)

Aínda que xa temos unha certa experiencia en elixir delegado ou delegada, é habitual que, en moitas ocasións, cando se presentan problemas no curso, nos decatemos de que a persoa que ten que representarnos para solucionar estes problemas non posúa as características persoais necesarias para realizar esta tarefa de forma axeitada.

Por este motivo sería interesante que analizásemos cales cremos que deberían ser as características persoais que debería reunir a persoa que nos representase. A continuación presentamos algunhas características persoais ás que podes engadir outras, para posteriormente debater en grupos de seis persoas as que credes que debería reunir a persoa que fose elixida delegado ou delegada do teu grupo :

- *Defende os dereitos do alumnado*
- *Ten boas cualificacións*
- *Sabe formular queixas*
- *Sabe escoitar*
- *E autoritario/a*
- *Sabe falar ben*
- *Axuda aos demais*
- *E simpático/a*

Sinalade aquí as características persoais que consideredes que debe reunir o delegado ou delegada do voso grupo :

ELECCIÓN DE DELEGADO (3º E 4º DE ESO)

Debes contestar a tódalas cuestións con sinceridade, asinando a cada recadro unha puntuación de 0 a 5. O 0 significa que discrepas radicalmente da afirmación e o 5 que estás totalmente de acordo coa afirmación.

Na pregunta 5 escribe o nome de catro compañeiros ou compañeiras por orde de preferencia.

1. O/A Delegado/a, por encima de todo, debe ser:
 - a. Un bo/a compañeiro/a
 - b. O/A máis simpático/a
 - c. O/A que saca mellores notas
 - d. O/A máis querido/a polos/as compañeiros/as
2. O/A Delegado/a debe ser unha persoa:
 - a. Seria e responsable
 - b. Que teña iniciativas
 - c. Que sexa ben aceptado por todo o grupo
 - d. Que nos respete e se faga respetar por todos
3. As funcións máis importantes do/da Delegado/a son:
 - a. Asistir periódicamente á Xunta de Delegados e participar nas súas deliberacións
 - b. Expoñer á Dirección do Centro as sugerencias e queixas do seu grupo
 - c. Fomentar a convivencia entre tódolos membros do grupo
 - d. Colaborar co profesorado e a Dirección para a boa marcha do Centro
4. Son tamén funcións do/da Delegado/a:
 - a. Asistir ás sesións de avaliación como representante do seu grupo
 - b. Coidar o material e as instalacións do Centro
 - c. Responsabilizarse do parte de asistencia a clase
 - d. Colaborar co/ca Titor/a na resolución dos problemas do grupo
5. Un/Unha bo/a Delegado/a para o meu grupo sería:
 - 1º
 - 2º
 - 3º
 - 4º

FOLLA-RESUMO DO DOCUMENTO

Cada grupo rexistrará nesta “Folla-resume” as afirmacións que maior puntuación obtiveran sumando a valoración de tódolos membros. Os/As alumnos/as non se han de limitar só a sumar senon a dialogar sobre o porqué da puntuación asinada.

1. O/A Delegado/a, por encima de todo, debe ser: (consignar as 4 opcións con maior puntuación) Puntuación total
 1.
 2.
 3.
 4.

2. O/A Delegado/a debe ser unha persoa:
 1.
 2.
 3.
 4.

3. As funcións máis importantes do/da Delegado/a son:
 1.
 2.
 3.
 4.

4. Son tamén funcións do/da Delegado/a:
 1.
 2.
 3.
 4.

5. Un/Unha bo/a Delegado/a para o meu grupo sería:
 1.
 2.
 3.

4.

ANEXO III: SOCIOGRAMA

CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA PREADOLESCENTES (11-13)

NOME.....APELIDOS.....

CENTRO.....CURSO.....CLASE.....

1.- Con quen te gustaría sentar na clase para facer un traballo en equipo?

2.- Con quen da clase non te gustaría sentar para traballar en equipo?

3.-A quen escollerías da clase para pasar xuntos unhas vacacións?

4.- A quen da clase non queredes ter de compañeiro de vacacións?

5.- A quen escollerías da clase para que te representara?

5. Quen é o rapaz ou a rapaza de a túa clase que destaca por:
- 5.1. Ter moitos amigos/as.
 - 5.2. Non ter amigos/as.....
 - 5.3. Levarse ben co profesorado
 - 5.4. Levarse mal co profesorado
 - 5.5. Ser simpático cos compañeiros e compañeiras
 - 5.6. Ser antipático cos compañeiros e compañeiras
 - 5.7. A súa capacidade para atender e escoitar aos demais
 - 5.8. Estar frecuentemente chamando a atención dos demais
 - 5.9. A súa capacidade para resolver conflitos entre compañeiros/as

- 5.10. A súa agresividade
- 5.11 Saber comunicarse
- 5.12. Ter problemas para comunicarse

- 1. Con quen che gustaría sentar na clase para facer un traballo en equipo? +
- 2. Con quen da clase non che gustaría sentar para traballar en equipo? -

ELIXIDOS

Nº	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	21	23	24	25	26	27		
1																													
2																													
3																													
4																													
5																													
6																													
7																													
8																													
9																													
10																													
11																													
12																													
13																													
14																													
15																													
16																													
17																													
18																													
19																													
20																													
21																													
22																													
23																													
24																													
25																													
26																													
27																													
+																													
-																													
Σ																													

Σ
TOTAL

3. A quen escollerías da clase para pasar xuntos unhas vacacións? +
 4. A quen non queredes ter de compañeiro de vacacións? -

ELIXIDOS

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27
1																											
2																											
3																											
4																											
5																											
6																											
7																											
8																											
9																											
10																											
11																											
12																											

6. A quen escollerías da clase para que te representara? +

14																											
15																											
16																											
17																											
18																											
19																											
20																											
21																											
22																											
23																											
24																											
25																											
26																											
27																											
+																											
-																											

ELIXIDOS

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	21	23	24	25	26	27		
1																													
2																													
3																													
4																													
5																													
6																													
7																													
8																													
9																													
10																													
11																													
12																													
13																													
14																													
15																													
16																													
17																													
18																													
19																													
20																													
21																													
22																													
23																													
24																													
25																													
26																													
27																													
+																													
-																													

**Anexo IV
NORMAS DE CLASE**

Requisitos para consensuar ás normas nun grupo

- **A nivel do titor/a:** levar a cabo unha acción titorial que organice e dirixa as actividades dos alumnos e que coordine a dos profesores.

- **A nivel de equipo educativo dun grupo:** Unificar algúns criterios de intervención básicos en función das normas consensuadas co alumnado e controlar dun modo riguroso e sistemático a súa aplicación.

Durante os primeiros días de aplicación do programa débese realizar un esforzo dirixido ao control do contexto, á motivación dos alumnos e á vixilancia rigorosa das condutas, pois trátase do momento máis crítico para a consolidación das mesmas.

Actividades para elaborar as normas de convivencia do aula:

- Dúas sesións de titoría a principios de curso:
- Reunión do titor co resto de profesores do grupo. (Setembro/Outubro)
- Comunicación das normas e sancións definitivas ao alumnado, profesorado e pais. (Outubro)
- Adicación dunha sesión de titoría ao principio do 2º e 3º trimestre para a avaliación e revisión das normas consensuadas

1. Primeira sesión de titoría:

Pretende:

- Concienciar aos alumnos da necesidade e interese de ter unhas normas en clase.
- Que coñezan e reflexionen sobre:
 - Os obxectivos dunha clase e
 - Os dereitos e deberes dos alumnos/as e do profesor/a

Desenvolvemento:

- Presentación.

Explicar aos alumnos que imos adicar 2 sesións a traballar un tema moi importante porque calquera grupo humano precisa dunhas normas para organizar a súa convivencia. É o interesante é que imos facer e decidir estas normas entre todos, profesores e alumnos. É unha boa oportunidade para que todos poidamos participar e decidir, así que imos a tomala moi en serio.

- ¿Por que son necesarias e importantes as normas nun grupo?

(Os procedementos poden ser moitos e variados: traballo en subgrupos

heteroxéneos, resposta individual en papel, choiva de ideas, lectura en voz alta...)

Ao final, sexa cal sexa o procedemento utilizado deberiamos de chegar a unha conclusión semellante a esta:

As normas son convintes e necesarias porque na súa ausencia:

- Os grupos creados para un fin no terían una mínima organización e non poderían conseguir os seus obxectivos, e
- habería xente que abusaría e non respectaría os dereitos dos demais.

- Puntos de partida para as normas.

De acordo co anterior podemos establecer dous puntos de partida para a elaboración das normas:

- 1) Cales son os obxectivos dunha clase.
- 2) Cales son os dereitos dos alumnos e dos profesores.

Este sería o momento para explicar e comentar cos alumnos o RRI e o decreto sobre dereitos e deberes dos alumnos e a continuación invítalos a que propoñan as normas de convivencia para a aula tendo en conta que deben cumprir as seguintes condicións:

a) Han de derivarse e ser coherentes con:

Os obxectivos da clase.

Os dereitos e deberes dos alumnos.

b) Formularanse clara e concretamente, para que todos poidamos entendelas e cumprilas.

c) Deben referirse a todas as persoas do grupo incluído o profesor.

d) Debe ser posible o seu cumprimento evitando aquelas normas que de antemán saibamos que van ser incumpridas.

1. Os principais **obxectivos** dunha clase son o aprendizaxe e a boa convivencia entre todos.

2. Os **dereitos** dos alumnos pódense resumir nestes tres:

a) Recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade

b) Dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

c) Dereito a que se respecta a súa liberdade de conciencia, a súa intimidade, a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal

3. Os **deberes**:

a) O deber de estudar, que se concreta nas seguintes obrigacións:

- Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo

- Cumprir e respectar os horarios aprobados no centro.

- Seguer as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e colaboración

2) Respectar o exercizo do derecho ao estudo dos seus compañeiros

3) Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa

4) Non facer discriminación de ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia

5) Cuidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do centro, e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade

6) Participar na vida e funcionamento do centro

2. Segunda sesión de tutoría:

Pretende:

- Comprometer aos alumnos na defensa duns valores comúns para toda a clase.
- Elaborar as normas derivadas deses valores

Desenvolvemento:

- Propóñeselle aos alumnos unha lista de valores á que poden engadir os que desexen., xa que débense explicitar os valores que subxacen e fundamentan as normas de conduta xustificando a súa necesidade.
- Débense incluír valores relativos á atención á diversidade
- A continuación, primeiro individualmente e despois en grupos, para rematar todos xuntos, intentarase establecer un consenso entre os cinco ou seis valores que consideran máis importantes.
- Exprésanse os valores en formas de conduta positiva, é dicir, en normas formuladas positivamente, e non como prohibicións.

Por exemplo:

VALOR	NORMAS
Amizade e compañeirismo	Ser bo compañeiro.
	Amosarse amable, educado con todos e cordial
	Tolerar os defectos dos demais.
	Respectar aos compañeros.
	Ser sincero.
	Prestar axuda ao que a necesite. Comportarse correctamente na clase.

- Consensúanse unhas normas, as consideradas máis importantes por cada valor.
- Invitar aos alumnos a comprometerse todos en manter esas condutas elixidas como máis importantes.
- O titor completa coas normas básicas que non se propuxeron e formula unha proposta de medidas correctoras derivadas do incumprimento das normas establecendo accións educativas orientadas a modificar a conduta (Advertencia, expulsión, cualificación negativa, petición de disculpas, reparación ou limpeza, etc.)
As consecuencias ou sancións serán:
 - proporcionadas á falta,
 - realizables e concretas,
 - prácticas e inmediatas (para que non interrompan a marcha normal da clase).

3. Reunión do titor cos profesores do grupo

- O titor comenta a grandes rasgos o desenvolvemento das dúas sesións de tutoría e presenta o traballo realizado.
- Os profesores do grupo fan as correccións e/ou ampliacións que consideren oportunas.
- Consensúase o documento final.

4. Comunicación das normas e sancións aos alumnos, profesores e pais.

- Reunir nun documento as normas e medidas correctoras aprobadas.
- Expoñer unha copia nun lugar visible da clase.

- Entregar unha copia para cada alumno e profesor da clase.
- Facer copias das normas para entregarllas aos pais nas reunións xerais ou individuais.
- Solicitalles que desde casa apoiem o seu cumprimento.

5. Adicación dunha sesión de tutoría ao principio do 2º e 3º trimestre para a avaliación e revisión das normas consensuadas

Trátase de revisar, contando coa participación de todos, a validez das normas consensuadas no 1º trimestre. Pódense propoñer cambios e/ou eliminacións.

ANEXO V

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE MALTRATO OU ACOSO ESCOLAR

Aínda que a liña de actuación prioritaria que se recolle neste plan vai enfocada á prevención e á paulatina mellora da convivencia escolar, cómpre establecer protocolos comúns de actuación unha vez que situacións graves, como o acoso, están documentadas e probadas.

ESPECIFICIDADE DO ACOSO FRONTE A OUTRAS CONDUCTAS VIOLENTAS

É imprescindible diferenciar claramente outro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes,...) dos casos de verdadeiro acoso escolar.

As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- evidente intención de facer dano.
- condutas agresivas reiteradas.
- desequilibrio de forzas entre a persoa ou persoas acosadoras e a vítima.

OBRIGATORIEDADE DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA ANTE A DETECCIÓN DUN CASO DE ACOSO

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesores ,familias, persoal non docente) ten a obriga de poñer en coñecemento do profesor/a, do tutor/a, do orientador/a ou do Equipo Directivo do centro a posible existencia de indicios razoables dunha situación de acoso ou maltrato..

En cualquier caso, o receptor da información sempre informará ao director do centro.

RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

A partir desta detección hai que realizar unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto.

No DOCUMENTO I deste plan pódense atopar modelos de recollida e estruturación da información para facilitar a tarefa de investigación que hai que levar a cabo.

ACTUACIÓNS

Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar, os pasos que haberá que seguir serán os seguintes:

1. En caso de se estimar necesario, adoptaranse
 - **medidas provisionais de urxencia** que se requiran para protexer á persoa agredida e/ou evitar as agresións: **Medidas que garantan a inmediata seguridade do alumno ou alumna agredida:** (incremento de medidas de vixilancia, atención polo profesorado de garda, intervención de mediadores, cambio de grupo....)
 - **Medidas disciplinarias cautelares dirixidas ao alumnado agresor:** en función da gravidade dos feitos aplicarase o establecido no Decreto sobre dereitos e deberes dos alumnos.
2. A dirección do centro redactará un informe no que se reflectan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa. DOCUMENTO II.
3. O centro informará da situación á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á Fiscalía de Menores. Estas institucións débense poñer en contacto cos Servizos Sociais do Concello, se existen e, de non existir, coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- 4.-Convén estar en contacto cos distintos servizos e institucións para realizar actuacións coordinadas.
- 5.-A dirección do centro manterá informado do proceso que se está a seguir ao Consello Escolar, que é o responsable de impoñer as oportunas correccións.
- 6.-O expediente seguirá o curso establecido no **Real Decreto 732/1995, do 5 de maio de 1995, dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia (Capítulo III)**. En todo caso, ao intervir a Fiscalía de Menores, o expediente quedará en suspenso en espera da correspondente resolución xudicial.
- 7.-O centro educativo arbitrará **medidas de actuación complementarias** ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Para a organización das mesmas é fundamental ter en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación para poder adaptalas a cada caso en concreto en función das súas características. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, coa persoa ou persoas agresoras e coas persoas observadoras en particular, e, dun xeito máis global, con toda a comunidade educativa. É moi importante a contextualización destas actuacións e que nelas estean involucradas todas as persoas ou institucións que poidan contribuír positivamente: equipo directivo, titorías, profesorado, departamento de orientación, familias, persoal nondocente, equipos de orientación específicos, servizos sociais, Fiscalía de Menores, ONG, asociacións (veciñais, culturais, etc.)...

8.-Estas actuacións deben ser coñecidas polo Consello Escolar, que valorará a súa eficacia.

Documental

INFORMACIÓN SOBRE POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR

CENTRO:	
ENDEREZO:	
TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO	

ORIXE DA INFORMACIÓN:

Profesor/a do grupo	
Outro/a profesor/a	
Titor/a	
Orientador/a	
Persoal non docente	
Agredido/a	
Observador/a	
Familia da persoa	
Outro pai ou nai	
Servizos médicos	
Asistencia social	
Outros	

PERSOA ACOSADA:

NOME:	
CURSO:	
GRUPO:	

FEITOS OCORRIDOS:

DESCRICIÓN DE FEITOS	MEDIDAS EN CURSO

INDICADORES ESCOLARES SOBRE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR

CENTRO	
ALUMNO/A	
GRUPO:	

	CONDUTAS	SEMPRE	ÁS VECES
RELACIÓNS SOCIAIS	Cambios nos tempos de chegada e saída da escola		
	Cambios nos itinerarios de ida e volta ao centro		
	Cambios na súas relacións persoais (compañeiros/as non habituais) no centro		
	Busca acompañarse de persoas adultas		
	Busca da soidade no centro		
	Busca da soidade fóra do centro		
	Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente		
	Descoida o seu aspecto físico		
ESTADOS DE ÁNIMO	Estado de ansiedade		
	Preocupación		
	Pechamento sobre si mesmo/a		
	Desconfianza		
	Desinterese		
	Tendencia á tristeza e a chorar facilmente		
	Nerviosismo repentino		
	Dificultades de comunicación nas tarefas		
	Dificultades de comunicación nas relacións co grupo		
	Cambios de humor		
	Molestias físicas (vómitos, dores...)		
	Diminución da autonomía persoal		
	Inseguridade, desconfianza en si mesmo/a		
	Negativa a falar sobre a situación		
Actuacións agresivas			
ACTITUDES NA TAREFA ESCOLAR	Dificultades de concentración nas tarefas		
	Actitude negativa ante as tarefas		
	Diminución da calidade dos seus traballos		
	Actitude pasiva xeral (tenta pasar sempre desapercibido/a)		
	Actitude pasiva ante situacións violentas nas que non está implicado/a		
	Prefire traballar só/soa		
	Baixa no seu rendemento escolar		
	Diminución da autoestima		
	Puxéronlle alcumes que non lle gustan		
	En actividades de grupo non é elixido/a		
	Desaparécenlle pertenzas escolares ou persoais		
	Actitude pasiva		
	Fai actividades ou tarefas que non lle corresponden		
	Non se presta para participar en actividades voluntarias		
	Desinterese en actividades a realizar fóra do horario habitual		
	Dificultades de concentración nas tarefas		

	Actitude negativa ante as tarefas		
	Diminución da calidade dos seus traballos		
	Actitude pasiva xeral (tenta pasar sempre desapercibido/a)		
	Actitude pasiva ante situacións violentas nas que non está implicado/a		

INDICADORES FAMILIARES SOBRE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR

CENTRO	
ALUMNO/A	
GRUPO:	

	CONDUTAS	SEMPRE	ÁS VECES
RELACIONES SOCIAIS	Cambios nos tempos de chegada e saída da escola		
	Cambios nos itinerarios de ida e volta ao centro		
	Cambios na súas relacións persoais (compañeiros non habituais) fóra do centro		
	Busca acompañarse de persoas adultas		
	Busca da soidade fóra do centro		
	Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente		
	Descoida o seu aspecto físico		
	Comentarios negativos sobre a súa clase ou o seu centro escolar		
ESTADOS DE ANÍMO	Prefi re quedar na casa a saír		
	Estados de ansiedade		
	Preocupación		
	Pechamento sobre si mesmo/a.		
	Desconfianza		
	Desinterese		
	Tendencia á tristeza e a chorar facilmente		
	Nerviosismo repentino		
	Cambio nas rutinas relacionadas co sono		
	Cambio nas rutinas de alimentación		
	Cambios de humor		
	Molestias físicas (vómitos, dores...)		
	Inseguridade, desconfianza en si mesmo/a		
Actuacións agresivas (malas contestacións, agresividade con irmáns/ás...)			
ACTITUDES NA TAREFA ESCOLAR	Actitude negativa ante as tarefas escolares		
	Diminución da calidade dos seus traballos		
	Desaparécenlle pertenzas escolares ou persoais		
	Fai actividades ou tarefas que non lle corresponden		
	Pide máis cartos dos habituais		
	Deixa de recibir visitas, chamadas ... de amigos/as		
	Nerviosismo en momentos de saír da casa		
	Nerviosismo ante o teléfono, uso de Internet, móbil...		
	Rompe pertenzas, traballos... sen razón		
	Desinterese en actividades que antes lle interesaban (deporte, cine, música...)		
	Non quere falar das súas relacións		
	Cambios nos tempos de chegada e saída da escola		
	Cambios nos itinerarios de ida e volta ao centro		
	Cambios na súas relacións persoais(compañeiros non habituais) fóra do centro		
	Busca acompañarse de persoas adultas		
	Busca da soidade fóra do centro		
	Abandono de actividades que antes lle interesaban sen razón aparente		

	Descoida o seu aspecto físico		
	Comentarios negativos sobre a súa clase ou o seu centro escolar		

Documento II: MODELO DE INFORME DE ACOSO ESCOLAR

DATOS DO CENTRO:

CENTRO:	
ENDEREZO:	
TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
TITOR/A:	

DATOS DOS/AS IMPLICADOS/AS

a) Presunta vítima

NOME E APELIDOS	CURSO:	GRUPO:

b) Presuntos/as acosadores/as:

NOMES E APELIDOS	CURSO:	GRUPO:

c) Testemuñas

ALUMNOS/AS: (especificar nomes e cursos)	
PROFESORES/AS:	
PERSOAL NON DOCENTE:	

OUTRAS PERSOAS: (especificar nomes e relación co centro se a hai)	
----------------------------------------------------------------------------	--

DATOS SOBRE OS SUCESOS OCORRIDOS

1) Lugar, datas, frecuencia

2) Tipo de acoso:

LUGAR	DATAS	REPETIDAMENTE (SI/NON)
Aula do grupo		
Outra aula (inform., mús...) Cal? _____		
Patio		
Baños		
Vestuario/ximnasio		
Pavillón		
Corredores		
Cafetería		
Autobús		
Accesos ao centro		
Fóra do centro		
Outros _____		

CLAVE: 1-Raramente; 2-De cando en vez; 3-Habitualmente; 4-Diariamente.

TIPO	ACCIÓNS	REPETICIÓN			
		1	2	3	4
VERBAL	Alcumes				
	Insultos				
	Provocacións				
	Desprestixio (comentarios en relación co aspecto físico, raza, relixión, costumes, gustos...)				
	Ridiculización pública				
	Linguaxe non verbal despectiva				
	Comentarios sexistas ou xenófobos				
	Outros. Cales? _____				
FÍSICO	Incomodar (descolocarlle as cousas, empuxóns suaves, tirarlle da roupa...)				
	Agocharlle as súas cousas				
	Intimidación (ameazas de violencia física, amago de pegarlle...)				
	Agresións leves				
	Golpes illados				
	Tundas				
	Extorsión (facer cousas doutros/as, traer cartos...)				
	Outros. Cales? _____				

TIPO	ACCIÓNS	REPETICIÓN
------	---------	------------

		1	2	3	4
SOCIAL	Non dirixirlle a palabra				
	Buscar o seu illamento no grupo e no centro				
	Difundir informacións falsas sobre a persoa				
	Humillacións				
	Ridiculización das súas opinións, gustos, aspecto... na súa presenza ou na súa ausencia				
	Comentarios negativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, raza, relixión...)				
	Outros.Cales?				
MEDIOS TÉCNICOS	Mensaxes de móbil ofensivas, intimidatorias ou non desexadas				
	midatorio ou non desexado				
	Utilización da súa imaxe sen permiso				
	Utilización da súa imaxe modifi cada para ridiculizar				
	Outros.Cales?				

OBSERVACIÓNS (información relevante non incluída, consecuencias observadas na vítima, accións xa en marcha, posibles accións a curto prazo, conclusións...)					

Data e sinatura

DIRECCIÓN DO CENTRO

RESPONSABLE
DO INFORME

ANEXO VI

ANTEPROXECTO PARA A CREACIÓN DUN AULA DE CONVIVENCIA

O diagnóstico que faciamos da situación de convivencia no noso centro amosaba que un dos principais problemas que temos, se cadra o principal, e a presenza de condutas disruptivas nas aulas

A proposta de creación dun aula de convivencia xorde, principalmente, como resposta a este problema. Planéase como unha medida máis para intentar mellorar as condutas disruptivas e actitudes daqueles alumnos/as que amosan dificultades na relación diaria e pretende así contribuir á mellora do clima de convivencia do grupo-clase e do centro no seu conxunto.

Finalidade:

Favorecer no alumno un proceso de reflexión sobre as circunstancias que motivaron a súa presenza na aula de convivencia.

Obxectivos:

- Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre cómo afecta todo isto ao desenvolvemento das clases.
- Mellorar a vida académica e persoal do alumno o alumna.
- Contribuir a desenvolver actitudes cooperativas solidarias e de respecto.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e autocontrol.
- Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicación cos demais. Aprender a disentir dende o respecto e a aceptación.
- Resolver os conflitos de xeito pacífico dende o diálogo e a reflexión.
- Axudarlle a adquirir unha boa disposición cara as tarefas escolares.
- Compensar as deficiencias que impiden a algúns alumnos ou alumnas a súa integración escolar.
- Mellorar o clima de convivencia no centro e en todos os espazos escolares (patios, corredores, aula....)

Derivación dun alumno á Aula de convivencia

O Aula de Convivencia é un espazo educativo onde o alumnado acudirá exclusivamente cuando se vexa privado do seu dereito a participar no normal

desenvolvemento das actividades lectivas como consecuencia da imposición dunha corrección ou medida disciplinaria por alguna das condutas tipificadas no RRI como contrarias as normas de convivencia ou gravemente prexudiciais para a convivencia.

Precísase, polo tanto, para enviar un alumno a AdeC, que este recibira algunha corrección pola súa conduta; pero non é suficiente, xa que non todos os alumnos ou alumnas sancionados teñen que ser derivados a dita Aula.

Criteria de derivación do alumnado a Aula de convivencia

- Alumnado que non se logra implicar coa práctica da dinámica habitual de aula e o exterioriza de forma inadecuada.
- Actos de indisciplina que buscan crear tácticas dilatorias e impedir que se avance na clase.
- Trato con desconsideración ou non respecto a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas da comunidade educativa.
- Situacións de desinterese e desmotivación reiterado e esaxerado cara ao estudo por parte do alumno e que demanda unha pausa para reconducir a súa conduta.

Para derivar un alumno o alumna á Aula de Convivencia deberían darse ademais outras condicións:

- Ser reincidente na súa actitude e conduta contra as normas de convivencia.
- Presentar deficiencias na súa autoestima, autocontrol, relacións persoais, disposición hacia as tarefas escolares ou integración escolar e/ou social.
- Que se considere que expulsión favorece á corrección da conduta.

Funcionamento e persoas responsables

- A Aula estará atendida durante todo o horario lectivo.
- Nombrarase unha persoa responsable da AdeC coas seguintes funcións:
 - Coordinar todas as actuacións realizadas na aula de convivencia.
 - Recabar toda a información para a súa comunicación aos Equipos educativos, ao Xefe de estudos, ao Departamento de orientación e aos titores

- Recopilar os materiais que cada alumno ou alumna realice durante na súa estancia na Aula. Este material será entregado ao coordinador polo profesor que estivo de garda en dita aula.
 - Supervisar o rexistro de asistencia dos alumnos ou alumnas e a adxudicación da responsabilidade da atención da Aula, en función dos horarios e das necesidades de persoal para atender a todos os alumnos ou alumnas derivados á Aula, en coordinación coa Xefatura de Estudos.
- As persoas responsables de atender a AdeC serán os profesores de garda e desempeñarán esta función na medida en que non teñan que cubrir a ausencia de algún profesor, en tal caso a Ade C será atendida por un membro do equipo directivo.
 - As persoas responsables da Aula realizarán os controis de asistencia do alumnado derivado, facilitándolle o material necesario e anotando o seu comportamento e actitude.

Instalaciones y material didáctico

Ubicación da AdeC

É convinte que a AdeC sexa unha aula de reducido tamaño situada en ubicacións que a fagan accesible, cercana e importante; o máis preto posible dos despachos dos cargos directivos e da sala de profesores para darlle un carácter máis serio á hora de traballar e que os alumnos non perciban que van a ser “arrinconados ou sancionados” simplemente.

Faremos una reordenación dos despachos de dirección de forma que a AdeC quede ubicada na actual sala de pais, pasando ista á actual Xefatura e compartindo despacho a dirección e a vicedirección.

Material didáctico

- A persoa responsable da orientación no centro facilitará o material didáctico necesario para traballar os diferentes obxectivos da Aula.
- O profesorado das diferentes materias ou, no seu caso, os distintos departamentos, fixarán as actividades formativas que os alumnos/as farán durante a súa permanencia na Aula e as que deben realizar na casa de xeito que se garanta a continuidade do proceso educativo. É dicir, non se pode enviar a ningún alumno á AdeC sen traballo específico.

Protocolos

- Número máximo de veces que un alumno ou alumna pode ser derivado á Aula: 3 veces.

- Un alumno poderá ser derivado á aula de convivencia por un profesor por un período non superior ás 2 horas, que o alumno cumprirá no horario desa marteria.
- Número máximo de alumnos ou alumnas que poden atenderse simultaneamente na Aula: non máis de 3.

Proposta progresiva de posibles medidas a adoptar en función das veces que asistan a aula de convivencia:

Todo o proceso deberá coordinalo e supervisalo a persoa designada como responsable de acordo coas funcións que lle foron encomendadas.

Nº de veces	Medida	Interveñen
1ª vez	Cubrir e asinar Doc.2 de asistencia” Cubrir doc 1: ficha auto-observación e doc.3a: Compromiso 1” Aclarar o sucedido co profesor/a que o mandou a esta aula.	Profesor/a que o deriva a esta aula Profesor/a de garda Titor/a
2ª vez	Cubrir e asinar Doc.2 de asistencia” Cubrir doc 1: ficha auto-observación e doc.3a: Compromiso 2” Advertencia verbal e comunicación por escrito ou por teléfono a súa familia.	Profesor que o deriva a esta aula Profesor /a de Garda Titor/a
3ª vez	Cubrir e asinar Doc.2 de asistencia” Cubrir doc 1: ficha auto-observación Reunión co alumno e a súa familia. Asinar “ Acta de reunión” pais/ Xefa de Estudos	Profesor que o deriva a esta aula Profesor /a de Garda Titor e Xefa de Estudos Orientadora
4ª vez	Cubrir doc 1: ficha auto-observación Adopción de medidas disciplinarias (RRI)	Equipo Directivo e Equipo Docente
5ª vez	Cubrir e asinar Doc.2 de asistencia” Medidas correctoras contempladas por Lei, no RRI.	Profesor que o deriva a esta aula Consello Escolar

Avaliación do funcionamento da Aula de Convivencia

Adxúntase un estadillo que recolle as incidencias máis salientables e o alumnado que asista a mesma. Deste xeito, podemos ter datos obxectivos sobre o alumnado e, isto, permitirános elaborar programas de modificación de conducta máis persoalizados ao poder observar a eficacia do procedemento aplicado.(doc 4)

DOCUMENTO 1: FICHA DE AUTO-OBSERVACIÓN

NOME E APELIDOS.....

CURSO.....IDADE.....DATA.....

Todas as persoas cometemos erros. O problema non está no erro en sí mesmo, senón nas causas que o provocan e as actitudes negativas que traen como consecuencia. Polo tanto, para saír do erro, temos que reflexionar, auto-observarnos e coñecer cales foron as causas que nos levaron a comportarnos dese xeito.

1. Describe o que ocorreu.

2. Por que actuei desa maneira?

3. Como me sinto?

4. Que outra reacción podería ter tido?

5. Que quero facer para resolver esa situación?

6. Decisión que tomo

DOCUMENTO 2: CONTROL DE ASISTENCIA DO ALUMNADO Á AdeC

Datos do alumno/a

Apelidos:	Nome:	Curso:
-----------	-------	--------

Datos do profesor que o envía:

Apelidos:	Nome:	
Materia:	Data:	Hora:

Motivos polos que ven a esta aula:

Traballo encomendado ao alumno:

Asdo:

Asdo:

Asdo:

Alumno/a

Profesor/a

Profesor/a de garda

DOCUMENTO 3a: COMPROMISO I

Eu.....

comprométome a reparar o dano causado a (persoas afectadas).....

.....,

pola falla de respecto á súa persoa, (insultando, pegando, impedindo o normal desenvolvemento da clase....)

Para elo vou realizar as seguintes actividades:

- a) Pedir desculpas
- b) Observar os aspectos positivos da súa persoa
- b) Outras (reparar o dano causado...)

Co compromiso de que non se volverá a repetir.

En Cambados, ade.....20

Alumno/a

Profesor/a AdeC

DOCUMENTO 3b: COMPROMISO II

A primeira vez que pasache pola " Aula de Convivencia " comprometíche a:

1. Cres que cumpriche o teu compromiso? SI NON

2. Por que o rompiches? (Sinala a resposta correcta) :

Por olvido

Por culpa doutras persoas. Que pasou para que digas eso?

Outras razóns. Cales?

3. Como te sintes despois de ter roto o compromiso? (Ten en conta que a próxima vez reuniremonos coa tua familia para informala do teu comportamento)

4. Que estás desposto a facer para que non volva a suceder?

Agora vas facer un novo compromiso coa intención de que sexa respectado sempre. Unha persoa pode faltar a súa palabra e contradicir un acordo unha vez, pero non continuamente, máis aínda se temos en conta que o primeiro beneficiado es ti

Co compromiso de que non se volverá a repetir.

Cambados, ade.....20

Alumno/a

Profesor/a A. de C.

DOCUMENTO 4: REXISTRO MENSUAL DE CONTROL DE ASISTENCIA DO ALUMNADO NA AULA DE CONVIVENCIA

MES:

DÍA	ALUMNO-CURSO	PROFESOR	MOTIVOS	PROFESOR DE GARDA